



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21 da vixente Lei de Bases do Réxime Local 7/1985, do 2 de abril,

RESOLVO:

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal, para o **día 21 de xullo de 2015, ás 20,00 horas, na Casa do Concello**, para tratar o seguinte Orde do Día

ORDE DO DÍA

1º) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior correspondente a levada a cabo o día 30 de xuño de 2015.

2º) Dar conta dos Decretos e Resolucións ditados pola Alcaldía ou Concelleiros delegados.

3º) Dar conta da composición das Comisións Informativas permanentes.

4º) Dar conta do acordo adoptado pola Xunta Rectora da Mancomunidade do Condado, sobre a liquidación da Mancomunidade do Condado.

5º) Dar conta do informe do Interventor do 31 de marzo de 2015, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupuestaria da regra do gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do presuposto xeral do ano 2014.

6º) Proposta da Alcaldía do 13 de xullo do 2015 para:

-Desestimar as reclamacións presentadas ó acordo de aprobación inicial con respecto á **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE PONTEAREAS**, por don Luis Alvarez Rodríguez, presidente da Asociación Profesional Provincial de Auto-Turismos de Pontevedra, con datas 30 de marzo do 2015 (rexistro nº 2635) e do 15 de abril do 2015 (rexistro nº 3148)

-Aprobar definitivamente a **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE PONTEAREAS**, como fica redactada no acordo de aprobación inicial do 17 de febreiro de 2015.

7º) Proposta da Alcaldía de iniciación de expediente de alteración da calificación xurídica (desafectación) das vivendas dos mestres nº 9, 15 e 17, pasando a ser bens patrimoniais.

8º) Proposta de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo programa de apoio psicopedagóxico nos establecementos docentes do concello

9º) Proposta do concelleiro delegado de Cultura de data 9 de xuño de 2015, onde consta a conformidade do Concelleiro de Facenda do 13 de xuño de 2015, sobre a



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

modificación presupostaria nº 31 Crédito Extraordinario 2015 por importe de 2.400,00 euros.

10º) Proposta do Concelleiro delegado de Facenda, de data 1 de xullo de 2015, sobre a modificación presupostaria nº 35 Crédito Extraordinario 2015, por importe de 34.666,00 euros.

11º) Proposta do Alcalde de data 15 de xullo de 2015 de modificación do Regulamento do Consello Sectorial Social do Concello de Ponteareas.

12º) Solicitude do Grupo PP do 16 de xullo de 2015 solicitando a comparecencia da Concelleira de Cultura, sobre o peche das axencias de lectura nas parroquias e outros extremos.

13º) Solicitude do Grupo ACIP do 16 de xullo de 2015 solicitando a comparecencia da Concelleira de Urbanismo, sobre o estado da aprobación provisional do PXOM e outros extremos.

14º) Rogos e preguntas.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde , don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas, dezasete de xullo de dous mil quince.

Ante min
Secretaria xeral.